

LIBROS VIVINTES



LIBROS VIVINTES
SUMA
ÁGORA

Sempre lembro os inicios do que para min foi un ídolo na miña infancia. Si, é certo, Bruce foi un "pandillero" e dedicábase a pelexar con armas e cadeas con outras bandas, pero a súa propia descuberta do que sería resolver un conflito sen a "pandilla" fixo que se decidira pola aprendizaxe do "wing chun", e despois acabou estudando filosofía en Washington e Seattle. Lee abriume a porta cando neno a través da televisión, despois xa con algún ano máis descubrín a Yip Man...



Sempre lembro os inicios do que para min foi un ídolo na miña infancia. Si, é certo, Bruce foi un "pandillero" e dedicábase a pelexar con armas e cadeas con outras bandas, pero a súa propia descuberta do que sería resolver un conflito sen a "pandilla" fixo que se decidira pola aprendizaxe do "wing chun", e despois acabou estudando filosofía en Washington e Seattle. Lee abriume a porta cando neno a través da televisión, despois xa con algún ano máis descubrín a Yip Man...

- Si que amaba a filosofía, de verdade, estudou na universidade de Washington, e non o ides crer, pero interesouse especialmente polo pensamento de Hegel, Marx, Krishnamurti e Spinoza, entre outros, e aplicounos ao seu estilo de vida.
- Veña home! Déixate de lérias! Mercaches as bebidas para levar á festa de despois da facultade? Parece que irán todas as rapazas de terceiro, aquelas coas que coincidimos en Anatomía e Fisiopatoloxía.
- Pois non, esquecéuseme por completo, síntoo, ademais lembre que os martes teño entrenamiento e son case dúas horas entre metro, bus, etc. Pero dicídlle a María que a verei despois... non sei, que a verei cando poida.

Saín da cafetaría pensando en dúas cousas unicamente, no *jeet kune do* de Lee e en María, que para mín estaba a ser o verdadeiro camiño do puño interceptor. Por que ás persoas lles custa tanto valorar disciplinas como o kung fu?

Sempre lembro os inicios do que para min foi un ídolo na miña infancia. Si, é certo, Bruce foi un "pandillero" e dedicábase a pelexar con armas e cadeas con outras bandas, pero a súa propia descuberta do que sería resolver un conflito sen a "pandilla" fixo que se decidira pola aprendizaxe do "wing chun", e despois acabou estudando filosofía en Washington e Seattle. Lee abriume a porta cando neno a través da televisión, despois xa con algún ano máis descubrín a Yip Man...

Naqueles meses de calor o garaxe facíase algo pequeno. Parecíamos participantes de *El club de la lucha*, adestrando con convicción e entusiasmo alleos ás temperaturas. Neses momentos máis abafantes do Madrid interior era cando máis en falta botaba un punto do meu triángulo vital Madrid-Burgos-Ribeira. A costa de Palmeira acodíame á cabeza, a praia de Corna, as Robaleiras, Chimpín, as Saíñas...pero eu estaba noutro momento, con outras persoas, seguindo a estela de Ng Mui, a monxa shaolín.

Desde había tempo notaba que iso era o que de verdade me gustaba, e cada día máis. A meus pais, pola contra, era ben pouca a graza que lles facía. De neno mesmo tiñan medo por min, víanme frouxo, pouca cousa, para un deporte de tanto contacto. Eu tentaba explicarlles que non se trataba diso, que en realidade iso non era o fundamental: o importante era que día a día sentía medrar en min a confianza nas

miñas posibilidades. Sentíame capaz de afrontar todas as adversidades que viñesen, doutra maneira, cunha outra serenidade.

- Que, vémonos despois? – a voz de Laura, unha das amigas de María, sacodeu o meu ensimesmamento. Cruzaba cara min desde o outro lado da rúa.
- Ehhh... Ola, que tal? Pois non sei, xa lles dixen aos demais que a ver a que hora acabo de adestrar, hoxe téñoocomplicado.
- Vaia, non paras, eh! Vas acabar sendo un *bruslí* deses, en plan profesional!

Laura sorriu desde a súa mirada pillabana, que volvía contaxioso o seu optimismo vital. A súa expresión fíxome graza e boteime a rir. Non o pensara nunca, iso de ser profesional... Primeiro cinturón negro e despois, xa se vería... Mestre de mestres, iso si sería un reto por riba de calquera outro. Había un único *sifu* en todo o Estado, e tiña entendido que as probas para acadar esa condición eran durísimas. Dous días seguidos de combates, sen apenas parar, con dores, con feridas, poñendo a proba a fortaleza mental e a resistencia física. Resultábame admirable pensar nun deles.

Mais eu, en principio, estudaba para fisioterapeuta. Quen sabía o que podería deparar o futuro. Polo momento ía aprendendo, día a día, e sentíndome mellor, máis forte, máis capaz. O mañá queda lonxe. [*Amanhá é sempre longe demais*](#), cantaban aqueles portugueses, Rádio Macau. Unha clínica en Madrid, un centro privado en Burgos, un ximnasio quizais, a saber onde...

Unha das ensinanzas de Lee tiña a ver con ser flexible na vida. A árbore máis ríxida é a que máis facilmente rompe, mentres o salgueiro sobrevive dobrándose co vento. Os marxistas dirían doutra maneira. Na estratexia, firmes coma carballos. Na táctica, flexibles coma bambús.

Xa se vería, mais o camiño, dalgunha forma, empezaba a estar marcado.

